



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento persoal laboral temporal peón protección e mantemento medioambiental Aprol Rural 2022

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento da peón para protección e mantemento medioambiental subvencionado pola Xunta de Galicia para o ano 2022 ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21, do 1 de febreiro), dacordo coas bases da convocatoria decreto de alcaldía núm.221/2022 de data 24/05/2022, e segundo consta na acta do Tribunal cualificador de data 03/06/2022.

Vista a resolución de concesión de subvención da Consellería de Emprego e Igualdade para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), concedendo ao Concello de Boimorto unha subvención total de 13.970,00 euros (expediente TR351G 2022/000007-1) para a contratación por un período de nove (9) meses a xornada completa dun/ha peón/peoa para protección e mantemento medioambiental tendo como data límite para formalizar a contratación o día 15 de xuño de 2022.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como peón para protección e mantemento medioambiental Aprol rural 2022 a Samuel Vereá Pernas con DNI XXX6133XX.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base sexta da convocatoria á presentación polo interesado da seguinte documentación:

- Fotocopia (que deba presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deba presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido o momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.

SEGUNDO.- Formar lista de reserva cos/coas seguintes candidatos/as segundo o sinalado na base sétima da convocatoria:

- 1.- Javier Montero Vázquez con DNI XXX2699XX (20 puntos)
- 2.- Silvia Carril Rial con DNI XXX3021XX (12 puntos)

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a xornada completa, duración de nove meses e con efectos de alta do 07/06/2022.

CUARTO.- Publicar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos aos efectos oportunos.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ